



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 8 DE MARZO DE 2024

En Laxe, sendo as 14:00 horas do 8 de marzo de 2024, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, a 1º tenente de alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP); presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Non asiste:

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

1. - TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DO PP, DONA BEGOÑA GEGÚNDEZ ALLO.

Aberta a sesión pola Presidencia, toma posesión do cargo de concelleira, Dona Begoña Gegúndez Allo, con DNI núm. 32 844 403 N, unha vez presentada a credencial expedida pola Xunta Electoral Central e formulada a declaración de bens e actividades a que fai referencia o artigo 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, mediante a fórmula de xuramento ou promesa de seguinte teor literal:

“¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente ás obrigas do cargo de concelleira do Concello de Laxe e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

A fórmula empregada é a seguinte:

Si, prometo.”

Dona Begoña Gegúndez Allo, toma posesión do cargo.

Toma a presidencia da sesión, o 2º tenente de alcalde, Don Daniel Mata Martínez (PP), xa que o 1º tenente de alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) é candidato á Alcaldía deste concello.

Por secretaría-intervención infórmase sobre as existencias nas entidades financeiras, que arroxan os seguintes saldos, a data 07/03/2024:

Banco Santander, SA	1.069.277,96 €
Abanca Corporación Bancaria, SA	397.987,81 €
Banco Sabadell, SA	24.933,50 €



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2. - ELECCIÓN DE ALCALDE Y TOMA DE POSESIÓN.

De conformidade co artigo 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade cos artigos 196 e 198 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral (LOREG) procédese na presente sesión extraordinaria á elección de novo alcalde de conformidade coas seguintes regras:

- Poden ser candidatos/as todos/as os/as concelleiros/as que encabecen as súas listas correspondentes.
- Se algún/ha deles obtén a maioría absoluta dos votos dos/as concelleiros/as é proclamado electo/a.
- Se ningún/ha deles obtén a dita maioría é proclamado/a Alcalde o/a concelleiro/a que encabece a lista que obtido maior número de votos populares no correspondente concello. No caso de empate resolverase por sorteo.

Segundo a acta da proclamación de candidatos/as electos/as da Xunta Electoral de Zona de Carballo, de data 7 de xuño de 2023, o número de votos obtidos por cada candidatura é o seguinte:

Nº	CANDIDATURAS	VOTOS OBTIDOS	NÚM. ELECTOS
1	BLOQUE NACIONALISTA GALEGO	571	3
2	PARTIDO POPULAR	952	6
3	PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE	275	1
4	PODEMOS-ESQUERDA UNIDA-ALIANZA VERDE	152	1

Preséntanse as seguintes candidaturas:

CANDIDATO	PP	FRANCISCO CHARLÍN ORÓNS
CANDIDATO	BNG	XOSÉ MANUEL POSE LEMA
CANDIDATO	PSdeG-PSOE	FRANCISCO JOSÉ VIDAL CASTRO
CANDIDATO	UNIDAS-PODEMOS	FERNANDO DEL MORAL REGALDÍE

Pasáse a votación, que por unanimidade, elíxese o sistema de votación de manalzada, comenzando polo candidato da lista que obtivo mais votos nas eleccións celebradas o 28 de maio de 2023 conforme a Acta de Escrutinio en xeito decrecente.

VOTOS PARA O CANDIDATO DO PP: 6 (PP)

A secretaria da Corporación comunica por tanto, que queda proclamado Alcalde Electo ó obter a maioría absoluta de votos, DON FRANCISCO CHARLÍN ORÓNS.

A continuación procédese o xuramento ou promesa da toma de posesión do alcalde electo:

Solicitada a presenza do alcalde electo, lese por parte do 2º tenente de alcalde a fórmula regulamentaria, para tal efecto, prevista no RD 707/1979, do 5 de abril, a cal di, textualmente:

“¿Xura ou promete, pola súa conciencia e honor, cumprir fielmente o cargo de alcalde do Concello do Laxe con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?”

Don Francisco Charlín Oróns presta promesa mediante a fórmula “Si, xuro”.

Evacuado este trámite, toma posesión do seu cargo de alcalde-presidente e asume a presidencia da sesión.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Por parte do anterior alcalde, Don José Luis Pérez Añón faise entrega simbólica do bastón de mando ao novo alcalde, Don Francisco Charlín Oróns.

O Alcalde-Presidente emite un discurso no que expresa a súa satisfacción por compartir este momento con todos os presentes, agradece a colaboración da corporación municipal, dando a benvida á nova concelleira.

Expresa a súa ilusión para afrontar esta etapa e a súa implicación no cargo para o ben da veciñanza.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:12 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria, a presente acta; para que unha vez aprobada se proceda a súa transcrición ao libro correspondente.